

Acta Reunión Extraordinaria da Comisión de Calidade do Centro (CCC)

Data: 23 de novembro de 2015

Hora: 9:30

Sala de Xuntas X3.1

Asistentes:

Antonio Mosquera González

Gumersindo Feijoo Costa

Tomás Fernández Pena

Julia González Álvarez

M^a Carmen Palacios Oubiña

José Varela Pet (actúa como secretario nesta reunión)

Ausencias xustificadas:

Purificación Cariñena Amigo

Puntos a tratar:

1. Aprobación dos Informes de Seguimento do curso 2014-2015 dos títulos de Grao en Enxeñaría Informática e Máster en Enxeñaría Ambiental.
2. Suplemento Europeo ao Título.
3. Revisión de procesos e procedementos do SGC.

1. Aprobación dos Informes de Seguimento do curso 2014-2015 dos títulos de Grao en Enxeñaría Informática e Máster en Enxeñaría Ambiental

O Informe de Seguimento do Máster en Enxeñaría Ambiental fora previamente enviado por correo electrónico aos membros da Comisión. Non habendo ningunha obxección por parte dos presentes, apróbase por asentimento.

O profesor D. José Varela Pet, coordinador do Grao en Enxeñaría Informática, da conta de seguido dos aspectos máis relevantes do Informe de Seguimento que ven de aprobar a comisión académica desta titulación para o curso 2014-2015. Na súa exposición, incide particularmente no contido do Plan de Melloras elaborado no que figuran tres tipos de accións: as que fican pendentes do plan de melloras do anterior Informe de Seguimento, as que proceden do proceso de renovación da acreditación do título (executado no curso 2014-2015) e as novas iniciativas que teñen como orixe as xuntanzas cos diferentes grupos de interese. Apróbase por asentimento o documento presentado.

Para rematar, os coordinadores do Grao en Enxeñaría Química e do Máster en Enxeñaría Química e Bioprocesos (profesores D. Gumersindo Feijoo Costa e Dna. Julia González Álvarez, respectivamente), informan do estado de elaboración dos Informes de Seguimento destas titulacións, suxeitas a prazos diferentes por estaren sometidas ao proceso de renovación da acreditación durante o curso 2015-2016.

2. Suplemento Europeo ao Título

O Presidente pon en coñecemento dos membros da Comisión que, na data do 11 de novembro, se recibiu unha comunicación procedente da Vicerreitoría de Organización Académica e Persoal Docente e Investigador na que se achegaba a versión preliminar do Suplemento Europeo ao Título (SET) para os graos impartidos na ETSE. Nesta mensaxe requírese ao centro que no prazo de 10 días se revisen estes documentos, se traduzan ao inglés (pois unicamente foron cumprimentados en galego e castelán) e se remitan ao Servizo de Xestión da Oferta e Programación Académica (SXOPRA).

O Presidente fai saber aos presentes que a súa resposta, coordinada co Colexio de decanos e directores de centros da USC, foi na liña de rexeitar este prazo, por solaparse co previsto para a aprobación de Informes de Seguimento, e de manifestar a súa desconformidade co feito de que a nivel institucional se parta da base de que é obriga dos centros facer a tradución do SET a unha lingua estranxeira. Feitas estas consideracións, acadouse unha ampliación do prazo ata finais de novembro/comezos de decembro, mais non houbo ningunha novidade con respecto a tradución do texto. A proposta do Presidente é que prime o interese dos alumnos da ETSE e que os coordinadores dos graos asuman a redacción dos respectivos SET en lingua inglesa. Os presentes manifestan a súa conformidade con esta proposición.

Por último, o Presidente advirte aos coordinadores dos graos das importantes limitacións que atoparán no formato achegado polo SXOPRA en canto ao número de palabras que se poden incluír en cada sección. Isto resulta especialmente problemático no apartado onde se deben recoller as competencias.

3. Revisión de procesos e procedementos do SGC

Unha vez que a Área de Calidade e Mellora dos Procedementos da USC terminou a súa revisión do Manual de Procesos e Procedementos do Sistema de Garantía de Calidade e este foi aprobado en Consello de Goberno do 29 de xullo, propónse retomar o proceso de revisión do SGC na ETSE, xa aprobado nesta Comisión de Calidade o 23 de abril. Este proceso de revisión forma parte da Memoria de Calidade do Centro.

A proposta de revisión do contido dos procesos será realizada polo Responsable de Calidade do centro coas aportacións de diferentes membros dos diferentes grupos de interese (Profesores, PAS e Estudantes). Esta proposta será presentada a aprobación nunha próxima reunión da Comisión de Calidade. A listaxe de Procesos/Procedimentos a revisar será a seguinte:

- P03-PE-01 (nova creación): Elaboración, Aprobación e Revisión do Plano Executivo de Calidade do Centro
- PE-02: Creación do Comité Consultivo e Canalización da Súa Actuación
- PC-07: Coordinación da Actividade Docente
- PC-08: Xestión da Mobilidade (subprocesos: P01-PC-08: Selección de Estudantes de Mobilidade Saínte; P02-PC-08: Xestión da Mobilidade Saínte; P03-PC-08: Xestión da Mobilidade Entrante)
- PC-09: Xestión de Prácticas Externas (subprocesos: P01-PC-09: Xestión da Oferta de Prácticas en Empresas; P02-PC-09: Realización das Prácticas en Empresas)
- PC-10: Realización do Traballo Fin de Grao/Máster
- PC-12: Información Pública
- PS-04: Control dos Documentos e dos Rexistros
- PM-01: Medición, Análise e Mellora (subproceso: S01-PM-01: Seguimento/Acreditación do Título)
- PM-03: Xestión das Incidencias

Sen máis asuntos que tratar, péchase a sesión ás 10:05 h.